



Expediente 6598-241

**INFORME-PROPOSTA**

**PROGRAMA OPERATIVO DO PLAN DE INTEGRIDADE NA CONTRATACIÓN:  
OBXECTIVO OPERATIVO 3.2.1 "CONSTRUÍR UNHA INSTRUCIÓN XERAL DE  
CONTRATACIÓN". ACCIÓNS C, "DEPURAR E ACTUALIZAR AS ACTUAIS  
INSTRUCIÓNS" E D, "DECLARACIÓN EXPRESA SOBRE A EXISTENCIA DE  
CONDICIÓNS DE COMPATIBILIDADE NA MEMORIA XUSTIFICATIVA DOS  
CONTRATOS, OU A DECLARACIÓN DE NEUTRALIDADE TÉCNICA DOS  
REDACTORES DE PPT"**

**ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** O Concello de Vigo ten unha extensa traxectoria na implantación e desenvolvemento de políticas públicas en transparencia e integridade. Mostra de ilo é a súa integración na "Red de Entidades Locales por la Transparencia y Participación Ciudadana" da Federación Española de Municipios y Provincias, acordada polo Pleno da Corporación en sesión ordinaria de data 30 de marzo de 2015 e a súa adhesión ó Código de Bo Goberno Local da FEMP por acordo plenario de data 30 de novembro do mesmo ano.

**Segundo.-** En data 22 de novembro de 2018 a Xunta de Goberno Local (en adiante XGL), acordou poñer en marcha os traballos para a elaboración do Plan de Integridade na Contratación e constituír un Comité Técnico, formado polo persoal responsable de Contratación, Administración Electrónica, Oficina Contable e Orzamentaria; Secretaría de Goberno Local, Intervención e Asesoría Xurídica, seguindo coa traxectoria municipal en desenvolvemento e implantación das políticas públicas en materia de transparencia e bo goberno. A composición do Comité Técnico de Integridade na Contratación actualizouse por Resolución da Concellería delegada de Contratación, Patrimonio e Xestión municipal de data de 3 de decembro de 2021 (en virtude da delegación por acordo da Xunta do Goberno local do 12/12/2019) como consecuencia da reorganización da Secretaría de Goberno local.

**Terceiro.-** O Plan de Integridade aprobouse pola Xunta de Goberno Local en data 12 de decembro de 2019, que acordou:

*"Primeiro.- Aprobar o "Plan de Integridade na Contratación. Marco Estratéxico", de conformidade coa proposta elaborada polo Comité Técnico do Plan de Integridade na Contratación Pública, nas liñas establecidas pola Concellería Delegada de Contratación.*

*Segundo.- Delegar na Concellería Delegada de Contratación o*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/04/2022 11:47	Páxina 1 de 38
Expediente/Documento 6598-241	CSV: A2A3AD-C32742-3D2D81-MBJKQH-JMWC7Y-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



*desenvolvemento operativo do Plan e a súa implementación, para o que, contará co apoio técnico do "Comité Técnico de Integridade na Contratación", así como do conxunto da estrutura municipal de goberno e das áreas e dos servizos municipais.*

*Terceiro.- Encomendar ao Comité Técnico do Plan o apoio técnico á Concellería Delegada de Contratación na execución do Plan, labor para a que contará coa colaboración do conxunto das áreas e servizos municipais.*

*Cuarto.- Publicar o presente acordo no Portal de Transparencia Municipal de conformidade coa LTBG, no Perfil do Contratante e na Intranet municipal, dando conta do mesmo aos membros do Goberno municipal e ás Xefaturas de Área e de Servizo para a difusión no conxunto da organización."*

**Cuarto.-** Aprobado o Plan, mediante Resolución da Concellería-Delegada de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal, de data 17 de decembro de 2019 procedeuse á aprobación do desenvolvemento operativo do mesmo.

**Quinto.-** O Plan de Integridade da contratación, marco estratéxico, recolle na Liña Estratéxica 3, "Racionalizar e reforzar a integridade nos procesos", o Obxectivo Estratéxico 3.2 "Facilitar os procedementos".

En desenvolvemento deste obxectivo estratéxico, o plan de integridade, a nivel operativo, recolle un obxectivo operativo:

- 3.2.1 Construír unha Instrución Xeral de contratación

**Sexto.-** Por Resolución desta Concellaría Delegada de data 8 de marzo de 2021 acordouse a incoación de expediente para o desenvolvemento do Obxectivo Operativo 3.2.1 "Construír unha Instrución Xeral de contratación", do Programa operativo do Plan de Integridade na Contratación, Liña Estratéxica 3, "Racionalizar e reforzar a integridade nos procesos", Obxectivo Estratéxico 3.2 "Facilitar os procedementos", designando instrutora do dito expediente á xefa do servizo de Contratación, de conformidade co dito Plan.

**Sétimo.-** O "Plan de Integridade na Contratación. Marco Estratéxico" recolle na Liña Estratéxica 3, "Racionalizar e reforzar a integridade nos procesos", Obxectivo Estratéxico 3.2 "Facilitar os procedementos", o Obxectivo Operativo 3.2.1 "Construír unha Instrución Xeral de contratación". Este obxectivo operativo inclúe as seguintes accións:

- a) Definir o ámbito de atribucións da área de contratación e delimitalo respecto das unidades promotoras.
- b) Definir o procedemento incidental para tratar os conflitos de intereses.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/04/2022 11:47	Páxina 2 de 38
Expediente/Documento 6598-241	CSV: A2A3AD-C32742-3D2D81-MBJKQH-JMWC7Y-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



- c) Depurar e actualizar as actuais Instrucións.
- d) Declaración expresa sobre a existencia de condicións de compatibilidade na memoria xustificativa dos contratos, ou a declaración de neutralidade técnica dos redactores de PPT.

Deste obxectivo operativo xa se desenvolveron as seguintes accións:

- Definir o procedemento incidental para tratar os conflitos de intereses (b), aprobado por resolución da Concelleira-delegada de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal de 27 de setembro de 2021.
- Depurar e actualizar as actuais Instrucións (c): "Instrución sobre a tramitación dos contratos menores", aprobada por acordo da Xunta de Goberno Local de data 10 de decembro de 2021.

Nos ocuparemos de completar a acción c: "Depurar e actualizar as actuais Instrucións" e de desenvolver a d: "Declaración expresa sobre a existencia de condicións de compatibilidade na memoria xustificativa dos contratos, ou a declaración de neutralidade técnica dos redactores de PPT".

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

### -I-

#### Do plan de integridade

Os principios de transparencia, integridade e boa administración vertebran a actividade da administración pública, e por ende, a contratación pública. A integridade e a transparencia na contratación pública son fundamento da boa administración e contribúen á prevención dos conflitos de intereses e a corrupción.

No ámbito da Unión Europea, estes principios incorpóranse ás Directivas 2014/23/UE e 2014/24/UE do Parlamento europeo e do Consello, ambas de 26 de febreiro de 2014, sobre contratación pública, como principios éticos da contratación pública. Nesta liña, a Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP), que traspón as citadas directivas, os recolle no seu artigo 1.1.

Ao eido desta nova política, falase da nova "Gobernanza" da contratación, identificando este termo como o modelo óptimo para a adquisición de bens e servizos por parte dos poderes públicos, no que a transparencia, a boa xestión, a prevención e o control do cumprimento e a rendición de contas, son os seus instrumentos.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/04/2022 11:47	Páxina 3 de 38
Expediente/Documento 6598-241	CSV: A2A3AD-C32742-3D2D81-MBJKQH-JMWC7Y-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



Representan unha estratexia de contratación pública que establece o marco político xeral e define prioridades claras para mellorar a contratación na práctica.

Un elemento fundamental para acadar estes obxectivos é ordenar os procedementos a seguir. Os distintos servizos municipais deben ter una dirección clara de cales son os procedementos aconsellables para a adquisición de bens, obras e servizos. Así mesmo, é importante acadar unha uniformidade nestes procedementos. E para ilo é precisa a publicación de instrucións para a preparación dos contratos así como a existencia de guías de tramitación que faciliten o proceso.

Deste modo, se facilita e simplifica o traballo dos diferentes servizos municipais, e ademais se facilita a labor de control da corrección dos procedementos contractuais.

O "Plan de Integridade na Contratación. Marco Estratéxico" recolle na Liña Estratéxica 3, "Racionalizar e reforzar a integridade nos procesos", Obxectivo Estratéxico 3.2 "Facilitar os procedementos", o Obxectivo Operativo 3.2.1 "Construír unha Instrución Xeral de contratación". Perséguese con ilo "*Clarificar os procedementos e as atribucións de funcións ao longo do proceso, reducindo o risco derivado da deficiente regulación da contratación, gañando en seguridade xurídica e avanzando en contratación estratéxica, actualizando tamén os contidos das xa existentes*". Dada a amplitude de materia, optouse por pola construción da Instrución de forma progresiva, desenvolvendo as seguintes accións por separado:

- a) Definir o ámbito de atribucións da área de contratación e delimitalo respecto das unidades promotoras.
- b) Definir o procedemento incidental para tratar os conflitos de intereses.
- c) Depurar e actualizar as actuais Instrucións.
- d) Declaración expresa sobre a existencia de condicións de compatibilidade na memoria xustificativa dos contratos, ou a declaración de neutralidade técnica dos redactores de PPT.

Nos seguintes apartados nos ocuparemos das accións c: "Depurar e actualizar as actuais Instrucións" e d: "Declaración expresa sobre a existencia de condicións de compatibilidade na memoria xustificativa dos contratos, ou a declaración de neutralidade técnica dos redactores de PPT".

**-II-**

**Da depuración e actualización das actuais Instrucións**

Na actualidade na intranet municipal están publicadas instrucións para a preparación dos diferentes documentos que integran os expedientes de contratación.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/04/2022 11:47	Páxina 4 de 38
Expediente/Documento 6598-241	CSV: A2A3AD-C32742-3D2D81-MBJKQH-JMWC7Y-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



Procedeuse a revisión dos mesmos, optándose pola integración de todos eles nunha guía de preparación dos contratos. Esta ten como obxectivo, por un lado, facilitar aos diferentes servizos e áreas municipais a preparación dos contratos, e por outro, acadar a uniformidade dos procedementos de contratación, en aras da consecución dunha maior transparencia na contratación levada a cabo por esta Administración.

Nela indícanse os pasos a seguir cando se pretenda preparar un expediente de contratación. Se relaciona a documentación necesaria para a tramitación de todos os expedientes de contratación, e a documentación específica de cada tipo de contrato típico regulado na LCSP. E por último, establécense as instrucións para preparar cada un destes documentos.

**-III-**

**Da declaración de neutralidade técnica dos redactores dos pregos de prescricións técnicas particulares**

Entre a documentación que debe obrar necesariamente no expediente de contratación, o artigo 116 da LCSP esixe o prego de prescricións técnicas particulares (PPT) que rexerá o contrato (apartado 3). Este, consonte, ao artigo 124 inclúe as *"que hayan de regir la realización de la prestación y definan sus calidades, sus condiciones sociales y ambientales, de conformidad con los requisitos que para cada contrato establece la presente Ley"*. E dicir, o PPT regula a forma en que se vai levar a cabo a execución do contrato, o modo no que o contratista vai realizar as prestacións obxecto do mesmo.

O artigo 126 da LCSP regula as regras para o establecemento das prescricións técnicas. A primeira regra é garantir o acceso dos empresarios en condicións de igualdade aos procedementos de contratación, proscribindo a creación de obstáculos inxustificadas á apertura da contratación pública á competencia.

Para garantir o principio de igualdade é necesario acadar a imparcialidade dos pregos técnicos que rexen as licitacións. Por ilo se esixe que o redactor, ou redactores, dos mesmos asinen unha declaración de neutralidade técnica, poñendo de manifesto que as prescricións técnicas non favorecen a ningún posible licitador. Deste modo garantírase a preservación dos principios de principios de liberdade de acceso ás licitacións, non discriminación e igualdade de trato entre os licitadores, así como a salvagarda da libre competencia competencia, recollidos tanto nas directivas de contratación como na lei de contratos (artigo 1 LCSP).

Asi mesmo, deberá garantirse:

- Se as prestacións obxecto do contrato se destinan ao uso por persoas físicas, que as especificacións técnicas teñen sido formuladas tendo en conta o Convenio das Nacións Unidas sobre os dereitos das persoas con discapacidade e os criterios de accesibilidade universal e deseño universal ou deseño para todas as persoas, como son definidos no Texto refundido da Lei Xeral sobre



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/04/2022 11:47	Páxina 5 de 38
Expediente/Documento 6598-241	CSV: A2A3AD-C32742-3D2D81-MBJKQH-JMWC7Y-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



dereitos das persoas con discapacidade e a súa integración social, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 1/2013, de 29 de novembro.

- Se o contrato afecta ao medio ambiente, que os requisitos técnicos son definidos conforme a criterios de sustentabilidade e protección do medio ambiente, de acordo coas definicións e principios contidos nos artigos 3 e 4, respectivamente, do Real Decreto Lexislativo 1/2016, de 16 de decembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de prevención e control integrados da contaminación.

**-IV-**

**Competencia**

A competencia para a aprobación do presente acordo correspóndelle á Concellería Delegada de Contratación, por delegación expresa da Xunta de Goberno Local de data 12 de decembro de 2019, conforme co marco legal recollido na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, e Real Decreto 2568/1986, do 26 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

**RESOLUCIÓN**

En base ó exposto, propónse á concelleira delegada da Área de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal a adopción da seguinte resolución:

***Primeiro.- Aprobar a "Guía de preparación dos contratos", da acción c "Depurar e actualizar as actuais Instrucións" do Obxectivo Operativo 3.2.1 "Construír unha Instrución Xeral de contratación" do Programa operativo do Plan de Integridade na Contratación, Liña Estratéxica 3, "Racionalizar e reforzar a integridade nos procesos", 3.2 "Facilitar os procedementos", que se incorpora como anexo á presente resolución.***

***Segundo.- Aprobar o modelo de declaración de neutralidade técnica do redactor do prego de prescricións técnicas incluído no anexo á presente resolución.***

***Terceiro.- Comunicar o presente acordo ás persoas titulares das Concellerías Delegadas de Goberno, responsables de áreas e servizos, e ao Comité Técnico do Plan, para o seu coñecemento e efectos.***

***Cuarto.- Publicar o presente acordo na Intranet municipal e no Portal de Transparencia municipal, dando conta do mesmo ao órgano de***



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/04/2022 11:47	Páxina 6 de 38
Expediente/Documento 6598-241	CSV: A2A3AD-C32742-3D2D81-MBJKQH-JMWC7Y-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



**contratación”.**

Vigo, na data da sinatura electrónica

A xefa do Servizo de Contratación.- Beatriz Barbará Rodríguez.

**DECRETO**

Vista a precedente proposta, **RESOLVO DE CONFORMIDADE**

Vigo, na data da sinatura electrónica

A Concelleira-delegada de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal (Acordo de delegación competencial de data 20 de xuño de 2019).- Patricia Rodríguez Calviño

Dou fe, A SECRETARIA DO GOBERNO LOCAL.- Susana Gallardo Fariña







## ANEXO

### GUÍA DE PREPARACIÓN DOS CONTRATOS

Esta guía ten como obxectivo, por un lado, facilitar aos diferentes servizos e áreas municipais a preparación dos contratos, e por outro, acadar a uniformidade dos procedementos de contratación, en aras da consecución dunha maior transparencia na contratación levada a cabo por esta Administración.

Na mesma nos vamos a fixar unicamente na fase de preparación dos contratos.

En primeiro lugar, antes de iniciar a contratación, debemos comezar por avaliar aspectos como as necesidades públicas a satisfacer, o presuposto do contrato e a situación do mercado.

Identificada a necesidade que a Administración non pode satisfacer por seus propios medios, se proxecta incoar un expediente de contratación para acudir ao mercado para satisfacela.

A celebración de contratos por parte das administracións públicas require a tramitación previa do correspondente expediente, regulado no artigo 116 da LCSP. O iniciará o órgano de contratación motivando a necesidade do contrato. Ao mesmo incorporaranse:

- O prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas que rexerán o contrato, ou no seu caso, o documento descritivo ou o documento de licitación previsto no artigo 221.5 da LCSP.
- O certificado de existencia de crédito ou documento equivalente que acredite a existencia de financiamento e a fiscalización previa da intervención, nos termos previstos na Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria. Debe certificarse non so a existencia de consignación orzamentaria senón tamén da suficiencia de esta para abonar os pagos resultantes do contrato pretendido. A racionalización do gasto público impide que a Administración poida iniciar a tramitación dun expediente de contratación se carece de crédito reservado para pagar o prezo. Comprobada a existencia de crédito, este queda retido e vinculado ao pago.

O primeiro paso consiste, pois, en xustificar a existencia da necesidade. Porque non esquezamos que o artigo 31 da CE establece o principio de eficiencia do gasto público, recollido tamén no artigo 1 da LCSP, que recolle como obxectivo da mesma una eficiente utilización dos fondos destinados á realización de obras, a adquisición de bens e a contratación de servizos, mediante a exixencia da definición previa das necesidades a satisfacer, en aras do cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e de control do gasto.

Unha vez identificada a necesidade, é preciso que a súa satisfacción sexa



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/04/2022 11:47	Páxina 8 de 38
Expediente/Documento 6598-241	CSV: A2A3AD-C32742-3D2D81-MBJKQH-JMWC7Y-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		





competencia da Administración contratante. A liberdade de pactos recollida no artigo 34 da LCSP límitase á celebración dos contratos necesarios para o funcionamento da entidade ou para o cumprimento e realización dos seus fins institucionais. Polo tanto, no caso dunha entidade local, cómpre acudir aos artigos 25 e 26 da Lei 7/1985, de Bases de Réxime Local, e 80 e 81 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia, e comprobar que a necesidade a satisfacer co contrato previsto figure entre as competencias atribuídas ás mesmas.

Unha vez identificada a necesidade, e comprobado que a súa satisfacción está incluída na competencia do órgano de contratación, o seguinte paso é concretar a súa natureza e alcance, así como a idoneidade do contrato previsto para satisfacelas.

O artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ó ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP), determina que *“As entidades do sector público non poderán subscribir outros contratos que aqueles que sexan necesarios para cumprir e realizar os seus fins institucionais. Para ese efecto, a natureza e extensión das necesidades que pretenden cubrirse mediante o contrato proxectado, así como a idoneidade do seu obxecto e contido para satisfacelas, cando se adxudique por un procedemento aberto, restrinxido ou negociado sen publicidade, deben ser determinadas con precisión, deixando constancia diso na documentación preparatoria, antes de iniciar o procedemento encamiñado á súa adxudicación”*. Tal e como prevé este precepto, o primeiro documento que debe figurar no expediente e o **informe de necesidade e idoneidade do contrato** no que se determinen as necesidades a satisfacer co contrato pretendido e a idoneidade do contrato proxectado para iso.

Unha vez que teñamos perfilado o que necesitamos, deberemos elaborar a memoria económica, a memoria xustificativa do contrato, o prego de prescricións técnicas particulares e o prego de cláusulas administrativas particulares.

É necesario diferenciar o contido que debe figurar nos distintos tipos de pregos.

- O prego de cláusulas administrativas particulares regula a licitación (tanto os requisitos esixidos aos licitadores como o desenvolvemento posterior da mesma), a adxudicación, algúns aspectos da execución do contrato (como os dereitos e obrigas das partes, o réxime sancionador se fose necesario, a recepción do obxecto e o pagamento dos prezos...) e as eventuais vicisitudes que poidan producirse durante a vida do mesmo: modificación, cesión e mesmo a súa resolución anticipada.
- O prego de prescricións técnicas particulares regula a forma en que se vai levar a cabo a execución do contrato, o modo en que o contratista vai realizar as prestacións obxecto do contrato (obra, servizo, subministración...). É importante ter un bo PPT, que prevexa na medida do posible todas as situacións que se poidan producir durante a execución. Así evítanse problemas co contratista, e reducíranse as posibilidades de que teñamos que modificar o contrato.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/04/2022 11:47	Páxina 9 de 38
Expediente/Documento 6598-241	CSV: A2A3AD-C32742-3D2D81-MBJKQH-JMWC7Y-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



Toda a documentación citada será elaborada polo servizo xestor do expediente agás o prego de cláusulas administrativas particulares, que o elaborará o servizo de Contratación. A memoria económica e a memoria xustificativa incluírán os aspectos necesarios para elaboralo, entre os cales necesariamente estarán as xustificacións esixidas polo artigo 116.4 da LCSP.

Na memoria económica deberán constar os aspectos económicos do contrato. Unha vez elaborada, deberá enviarse esta á Dirección Superior Contable e Presupostaria para a súa revisión. Revisada, se o contrato está previsto na planificación anual, ou, de non estar incluído, hai dotación orzamentaria para o mesmo, emitiranse os documentos contables de retención de crédito.

A memoria xustificativa conterá o resto dos aspectos necesarios para regular a licitación, a adxudicación do contrato e os aspectos da execución relativos á relación entre as partes e o exercicio das potestades da administración no seno do contrato.

A continuación, o servizo xestor deberá redactar o prego de prescricións técnicas particulares. O redactor, ou redactores, deberán asinar unha declaración de neutralidade técnica poñendo de manifesto que as prescricións técnicas non favorecen a ningún posible licitador. Deste modo garantirase a preservación dos principios de principios de liberdade de acceso ás licitacións, non discriminación e igualdade de trato entre os licitadores, así como a salvagarda da libre competencia competencia, recollidos tanto nas directivas de contratación como na lei de contratos (artigo 1 LCSP). Así mesmo, deberá garantirse:

- Se as prestacións obxecto do contrato se destinan ao uso por persoas físicas, que as especificacións técnicas teñen sido formuladas tendo en conta o Convenio das Nacións Unidas sobre os dereitos das persoas con discapacidade e os criterios de accesibilidade universal e deseño universal ou deseño para todas as persoas, como son definidos no Texto refundido da Lei Xeral sobre dereitos das persoas con discapacidade e a súa integración social, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 1/2013, de 29 de novembro.
- Se o contrato afecta ao medio ambiente, que os requisitos técnicos son definidos conforme a criterios de sustentabilidade e protección do medio ambiente, de acordo coas definicións e principios contidos nos artigos 3 e 4, respectivamente, do Real Decreto Lexislativo 1/2016, de 16 de decembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de prevención e control integrados da contaminación.

Se o servizo xestor para a elaboración da documentación contractual contratase asistencia externa, será preciso por de releve esta circunstancia e propoñer medidas para evitar que esta circunstancia poida falsear a competencia. Entre estas **condicións de compatibilidade** poderá establecerse que as citadas empresas, e



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/04/2022 11:47	Páxina 10 de 38
Expediente/Documento 6598-241	CSV: A2A3AD-C32742-3D2D81-MBJKQH-JMWC7Y-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



as empresas a elas vinculadas, poidan ser excluídas da licitación, cando non haxa outro medio de garantir o cumprimento do principio de igualdade de trato. Neste caso, o servizo de Contratación deberá evacuar ao licitador o trámite de audiencia previsto no artigo 70 da LCSP, con carácter previo á elaboración do prego de cláusulas administrativas particulares, aos efectos de que poida xustificar que a súa participación na fase preparatoria non pode ter o efecto de falsear a competencia ou de lle dispensar un trato privilexiado con respecto ao resto das empresas licitadoras.

A LCSP regula un mecanismo para axudar a configurar o contrato e fixar o presuposto base de licitación, **as consultas preliminares ó mercado**, reguladas no artigo 115:

- Permiten ao órgano de contratación dirixir consultas aos operadores económicos que estean activos no mercado coa finalidade de preparar correctamente a licitación, e informalos acerca dos seus plans, e dos requisitos que exixirán para concorrer ao procedemento.
- Para a consulta o órgano de contratación poderá valerse dun terceiro experto, colexios profesionais ou, con carácter excepcional, consultar directamente a operadores económicos do mercado.

Se o servizo xestor considera necesario realizar unha consulta ó mercado deberá comunicalo ó servizo de contratación, que se encargará da súa tramitación.

Para garantir o respecto dos principios que rexen a contratación pública e, en aras de garantir a integridade e transparencia dos procedementos:

- O redactor do prego de prescricións técnicas deberá asinar una declaración de neutralidade técnica, poñendo de manifesto que as prescricións técnicas non favorecen a ningún posible licitador.
- Todo o persoal municipal que asine documentos que obren no expediente deberá incorporar unha declaración de ausencia de conflito de intereses, que, no seu caso poderá engadirse ao final do documento. A Xunta de Goberno Local aprobou no marco do Plan de Integridade na Contratación un modelo para os membros da Corporación Local (Resolución da concellería delegada de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal de data 24 de febreiro de 2021) e outro para o persoal municipal (Resolución da Concellería-Delegada de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal de data 3 de marzo de 2021).

Non debemos esquecer a importancia desta fase de elaboración do contrato. Hai que ter claro o que queremos contratar, e como o queremos contratar. Debemos comezar por definir de forma clara e precisa o obxecto do contrato, que non dea lugar a inequívocos. De como definamos nos pregos as prestacións incluídas no obxecto do contrato dependerá en gran medida a boa execución posterior do contrato.

A continuación veremos a documentación necesaria para a tramitación dos expedientes de contratación, así como as instrucións para a redacción da mesma.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/04/2022 11:47	Páxina 11 de 38
Expediente/Documento 6598-241	CSV: A2A3AD-C32742-3D2D81-MBJKQH-JMWC7Y-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



– **DOCUMENTACIÓN NECESARIA PARA A TRAMITACIÓN DE TODOS OS EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN**

1. Informe sobre a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 LCSP).
2. Resolución do concelleiro delegado iniciando o expediente de contratación por delegación da Xunta de Goberno Local (artigo 116.1 LCSP).
3. Memoria económica, xustificando o prezo, o valor estimado do contrato, a distribución por anualidades, a forma de pago e a aplicación orzamentaria a que se imputará.
4. Documentos contables de retención do crédito.
5. Memoria xustificativa, xustificando todos os extremos do expediente esixidos pola lei, salvo os de contido económico incluídos na memoria económica.(artigo 116.4 LCSP)
6. Prego de prescricións técnicas particulares (artigo 116.3 LCSP).
7. Declaración de neutralidade técnica do redactor ou redactores do prego de prescricións técnicas particulares.
8. Declaración de ausencia de conflito de intereses dos Concelleiros delegados e persoal municipal que asine documentos que obren no expediente.

– **DOCUMENTACIÓN ESPECIFICA DO CONTRATO DE OBRAS**

1. Proxecto de obras co contido previsto no artigo 231 LCSP.
2. Clasificación da obra de acordo co artigo 232 LCSP (Obras de primeiro establecemento, reforma, restauración, rehabilitación ou gran reparación; obras de reparación simple; obras de conservación e mantemento ou obras de demolición).
3. Supervisión dos proxectos de contía igual ou superior a 500.000 euros (artigo 235 LCSP).
4. Reformulo do proxecto segundo o previsto no artigo 236 LCSP.

– **DOCUMENTACIÓN ESPECIFICA DO CONTRATO DE SERVIZOS**

1. Información necesaria para subrogación de persoal (no seu caso)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/04/2022 11:47	Páxina 12 de 38
Expediente/Documento 6598-241	CSV: A2A3AD-C32742-3D2D81-MBJKQH-JMWC7Y-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



(artigo 130 LCSP).

– **DOCUMENTACIÓN ESPECIFICA DO CONTRATO DE CONCESIÓN DE OBRAS**

1. Estudo de viabilidade (artigo 247 LCSP).
2. Anteproxecto de construción e explotación das obras (artigo 248 LCSP).
3. Proxecto da obra e reformulo deste (artigo 249 LCSP).
4. Informe preceptivo da Oficina Nacional de Evaluación nos seguintes casos:
  - Cando se realicen achegas públicas á construción ou a explotación de la concesión, así como calquera medida de apoio ao financiamento do concesionario.
  - Se a tarifa é asumida, total o parcialmente, polo poder adxudicador concedente, cando o importe das obras ou os gastos de primeiro establecemento superen un millón de euros.

– **DOCUMENTACIÓN ESPECIFICA DO CONTRATO DE CONCESIÓN DE SERVIZOS**

1. Réxime xurídico e regulamento do servizo (artigo 284 LCSP).
2. Estudo de viabilidade (artigo 285.2 LCSP).
3. Anteproxecto de obra e explotación, no seu caso (artigo 285.2 LCSP).
4. No seu caso, tarifas a abonar polos usuarios e procedemento para a súa revisión (artigo 285.1.b LCSP).
5. Canon ou participación a satisfacer á administración polo contratista (artigo 285.1.b LCSP).
6. Informe preceptivo da Oficina Nacional de Evaluación nos seguintes casos:
  - Cando se realicen achegas públicas á construción ou a explotación de la concesión, así como calquera medida de apoio ao financiamento do concesionario.
  - Se a tarifa é asumida, total o parcialmente, polo poder adxudicador concedente, cando o importe das obras ou os gastos de primeiro establecemento superen un millón de euros.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/04/2022 11:47	Páxina 13 de 38
Expediente/Documento 6598-241	CSV: A2A3AD-C32742-3D2D81-MBJKQH-JMWC7Y-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

CONCELLO  
DE VIGO



PLAN DE INTEGRIDADE NA CONTRATACIÓN  
Marco estratéxico

ASINADO POR: XEFA DO SERVIZO DE CONTRATACIÓN - ( BEATRIZ BARBARÁ RODRÍGUEZ ) 28/12/2021 14:05:01 | CONCELLEIRA CONTRATACIÓN PATRIMONIO E XESTIÓN MUNICIPAL - ( PATRICIA RODRÍGUEZ CALVIÑO )  
28/12/2021 14:31:23 | SECRETARÍA DE ADMON. MUNICIPAL - ( SUSANA GALLARDO FARINA ) 28/12/2021 16:43:30

Documento asinado



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 20/04/2022 11:47

Páxina 14 de 38

Expediente/Documento 6598-241

CSV: A2A3AD-C32742-3D2D81-MBJKQH-JMWC7Y-F1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



## **1.- INFORME SOBRE A XUSTIFICACIÓN DA NECESIDADE E IDONEIDADE DO CONTRATO E ORDE DE INICIO DE EXPEDIENTE**

En primeiro lugar se deberá xustificar a necesidade de celebrar o contrato de que se trate facendo relación ós seguintes aspectos:

- 1) Natureza e extensión das necesidades que pretenden cubrirse mediante o contrato proxectado.
- 2) Idoneidade do obxecto e contido para satisfacer devanditas necesidades de modo preciso.

**A orde de incoación do expediente é competencia do órgano de contratación, que tamén é o órgano competente para asinar o informe de necesidade e idoneidade do contrato. A competencia delegouse por Decreto de 19 de xuño de 2015 nos Concelleiros delegados de área.**

**Ambos trámites refundíronse nun único documento no modelo dispoñible na guía de tramitación dos expedientes de contratación na aplicación de xestión.**



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/04/2022 11:47	Páxina 15 de 38
Expediente/Documento 6598-241	CSV: A2A3AD-C32742-3D2D81-MBJKQH-JMWC7Y-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		





## 2.- INSTRUCCIÓNS PARA A REDACCIÓN DA MEMORIA ECONÓMICA

### 1. OBXECTO (artigo 99 LCSP)

Deberá detallarse o obxecto do contrato.

### 2. PREZO DO CONTRATO E XUSTIFICACIÓN

Deberán detallarse **o prezo, o orzamento base de licitación e o valor estimado do contrato**, así como as xustificacións dos mesmos e o **método de cálculo**.

#### a) Prezo e orzamento base de licitación (artigos 101 e 102 LCSP)

O orzamento base de licitación é o límite máximo de gasto que en virtude do contrato pode comprometer o órgano de contratación, incluído o IVE.

- Desglosarase indicando os custos directos e indirectos tomados en consideración para fixalo.
- Incluirá os gastos de persoal, se é un custo relevante, diferenciando xénero e categoría profesional tendo en conta os convenios colectivos do sector.
- Incluirá os gastos xerais e o beneficio industrial.

O prezo fixarase atendendo ao valor de mercado e xustificarse que é adecuado para o cumprimento do mesmo.

Nos servizos nos que o custo económico principal sexan os **custos laborais**, deberán considerarse os termos económicos dos convenios colectivos sectoriais, nacionais, autonómicos e provinciais aplicables (artigo 102.1 e 3 LCSP)

No prezo, entenderase comprendido o **importe a abonar en concepto do IVE**, que se indicará como partida independente (artigo 102.1 LCSP).

Poderá formularse en termos de (artigo 102.4 LCSP):

- **Prezos unitarios** referidos aos distintos compoñentes da prestación ou ás unidades da mesma.
- **Prezos aplicables a tanto alzado** á totalidade ou a parte das prestacións do contrato.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/04/2022 11:47	Páxina 16 de 38
Expediente/Documento 6598-241	CSV: A2A3AD-C32742-3D2D81-MBJKQH-JMWC7Y-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



Nos contratos, poderán incluírse **cláusulas de variación de prezos en función do cumprimento ou incumprimento de determinados obxectivos de prazos ou de rendemento**. Neste caso estableceranse os supostos nos que se producirán estas variacións e as regras para a súa determinación.

#### b) Anualidades

Deberán detallarse as anualidades do contrato e xustificarse os seguintes extremos:

- Se as anualidades fosen diferentes entre si deberá aclararse porque.
- Se as anualidades de licitación fosen diferentes ás de licitación do contrato vixente, deberán detallarse as causas obxectivas que o motivan que deberán resultar de variables exógenas, e detallar a porcentaxe de variación entre elas.
- Se as anualidades de licitación fosen diferentes ás de adjudicación do contrato vixente, deberá detallarse as causas.

#### c) Valor estimado (artigo 101 LCSP)

- **Contratos de obras, subministros e servizos:** importe total, sen IVE, que o órgano de contratación estime que vai pagar ao contratista.
- **Contratos de concesión de obras e de concesión de servizos:** importe neto da cifra de negocios, sen IVE, que segundo as súas estimacións, xerará a empresa concesionaria durante a execución do mesmo como contraprestación polas obras e os servizos obxecto do contrato, así como dos subministros relacionados con estas obras e servizos.

Para o seu cálculo deberanse indicar os seguintes conceptos:

1. Custos derivados da aplicación da normativa laboral (en especial, nos contratos de servizos e de concesión de servizos nos que sexa relevante a man de obra)
2. Custos que se deriven da execución material dos servizos, os gastos xerais de estrutura e o beneficio industrial.
3. Calquera forma de opción eventual e as eventuais prórrogas.
4. Cando se teña previsto abonar primas ou efectuar pagamentos aos candidatos ou licitadores, a súa contía.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/04/2022 11:47	Páxina 17 de 38
Expediente/Documento 6598-241	CSV: A2A3AD-C32742-3D2D81-MBJKQH-JMWC7Y-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



5. No seu caso, as modificacións á alza previstas.
6. Adicionalmente, nos contratos de concesión de obras e de concesión de servizos teranse en conta, cando proceda, os seguintes conceptos:
  - a) A renda procedente do pagamento de taxas e multas polos usuarios das obras ou servizos, distintas das recadadas en nome do poder adxudicador.
  - b) Os pagamentos ou vantaxes financeiras, calquera que sexa a súa forma, concedidos ao concesionario polo poder adxudicador ou por calquera outra autoridade pública incluída a compensación polo cumprimento dunha obriga de servizo público e subvencións ao investimento público.
  - c) O valor dos subsidios ou vantaxes financeiras, calquera que sexa a súa forma, procedentes de terceiros a cambio da execución da concesión.
  - d) O prezo da venda de calquera activo que forme parte da concesión.
  - e) O valor de todos os subministros e servizos que o poder adxudicador poña a disposición do concesionario, sempre que sexan necesarios para a execución das obras ou a prestación dos servizos.

**Deberá indicarse o método de cálculo aplicado para calcular o valor estimado.**

### 3. REVISIÓN DE PREZOS (artigo 103)

#### Contratos susceptibles de revisión de prezos:

- Obra
- Suministros de fabricación de armamento e equipamento das Administracións Públicas
- Subministración de enerxía
- Aqueles nos que o período de recuperación do investimento sexa igual ou superior a cinco anos

Nos supostos nos que proceda, poderá establecerse o dereito a revisión periódica e predeterminada de prezos e **fixarase a fórmula de revisión** que deba aplicarse, atendendo á natureza de cada contrato e a estrutura e evolución dos custos das prestacións do mesmo. A fórmula de revisión será invariable durante a vixencia do contrato.

Quedan **excluídos da revisión** de prezos: **o primeiro 20 por cento executado e os dous primeiros anos transcorridos dende a formalización. Excepcións:**



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/04/2022 11:47	Páxina 18 de 38
Expediente/Documento 6598-241	CSV: A2A3AD-C32742-3D2D81-MBJKQH-JMWC7Y-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



- Contratos de subministración de enerxía
- Contratos de concesión de servizos: non se aplica a condición relativa á porcentaxe de execución do contrato

**Conceptos non revisables:**

1. Custos asociados ás amortizacións
2. Custos financeiros
3. Gastos xerais ou de estrutura
4. Beneficio industrial
5. Custos de man de obra dos contratos distintos dos de obra, fornezo de fabricación de armamento e equipamento das Administracións Públicas. **Excepción:** revisaranse cando o período de recuperación do investimento sexa igual ou superior a cinco anos e a intensidade no uso do factor traballo sexa considerada significativa, de acordo cos supostos e límites establecidos no Real Decreto 55/2017, do 3 de febreiro, polo que ese desenvolve a Lei 2/2015, do 30 de marzo, de desindexación da economía española

Nos **contratos de obras** poderase levar a cabo a revisión periódica e predeterminada dos prezos, aplicando as **fórmulas-tipo xerais vixentes os índices mensuais de prezos dos materiais básicos elaborados polo Instituto Nacional de Estatística** e publicados trimestralmente mediante orde do ministro de Facenda e Función Pública, logo de informe favorable do Comité Superior de Prezos de Contratos do Estado.

Nos **demais contratos**, o procedemento para fixar a revisión de prezos varia en función da súa contía:

**a) Trámites para establecer a revisión de prezos nos contratos cun prezo igual ou superior a cinco millóns de euros:**

1. Solicitar a cinco operadores económicos do sector a remisión da súa estrutura de custos.
2. Elaborar unha proposta de estrutura de custos da actividade. Para isto utilizará, sempre que sexa posible, a información das respostas que reciba dos operadores económicos mencionados no apartado anterior.
3. Someter a súa proposta de estrutura de custos a un trámite de información pública por un prazo de 20 días. En caso de que se presenten alegacións no dito trámite, o órgano de contratación deberá valorar a súa aceptación ou concesión de obra pública, o órgano de contratación poderá optar por



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/04/2022 11:47	Páxina 19 de 38
Expediente/Documento 6598-241	CSV: A2A3AD-C32742-3D2D81-MBJKQH-JMWC7Y-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



incluír este trámite de información como parte do previsto no artigo.

4. Remitir a súa proposta de estrutura de custos ao Comité Superior de Prezos de Contratos do Estado

**b) Trámites para establecer a revisión de prezos nos contratos cun prezo inferior a cinco millóns de euros:**

Os trámites son os previstos no apartado anterior salvo o previsto no punto 4.

